

EXPOSICIÓN

(do 14 ao 22 de maio)

A exposición Rosalía no Bosque do Banquete de Conxo trata de promover e difundir a arte figurativa cunha exhibición ao aire libre, instalada ao longo do percorrido de baixada do desfile ao Banquete, entre a praza do Toural e a Carballeira de Conxo.

O tema da exposición abrirá un espazo de recoñecemento aos protagonistas do Banquete de Conxo ao tempo que procura alentar as iniciativas artísticas.

TREN DO BANQUETE DE CONXO

Percorrido especial gratuito do tren turístico, decorado para a ocasión. Traslados de balde entre a Alameda, no centro da cidade, e o barrio de Conxo. (Prioridade para familias con nenas/os, persoas con mobilidade reducida e persoas vestidas de época).

HORARIOS:

Parada Aurelio Aguirre
[Parque da Alameda]

SÁBADO 21 maio. Saídas ás 11.00, 12.00, 13.00, 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.

DOMINGO 22 maio. Saídas ás 11.00, 12.00, 13.00, 16.00, 17.00, 18.00 e 19.00 h.

Parada Rosalía de Castro
[Praza de Martín Herrera]

SÁBADO 21 maio. Saídas ás 11.30, 12.30, 13.30, 17.30, 18.30, 19.30 e 20.30 h.

DOMINGO 22 maio. Saídas ás 10.30 (viaxe reservado a participantes no desfile), 11.30, 12.30, 13.30, 16.30, 17.30, 18.30, 19.30 h.


COMO CHEGAR

- Liñas 5 (recomendada, reforzaranse as frecuencias igualándoas ás dun día laborable) e C2 dos autobuses urbanos.
- Camiñando polas beiras do Sar ata a carballeira de Conxo.
- Se tes que vir no teu vehículo utiliza os aparcadoiros recomendados (ver mapa).

COMO PODES PARTICIPAR?

- No desfile teatral de estudantes e artesáns do domingo 22 de maio da praza do Toural a Conxo.
- Na romaría popular xantando na Carballeira a comida que traías da casa ou merques nos foodtrucks que atoparás na rúa Ramón Baltar. Animate a vir vestido de época.
- No Serán da Fraternidade, tamén o 22 de maio, aberto á música e ao baile tradicional. Acude co teu grupo de música ou baile.
- Como persoa voluntaria na Festa do Banquete. A Asociación Itínera coordina o plan de voluntariado e a recepción de solicitudes para participar a través do correo electrónico voluntariadobanqueteconxo@gmail.com

**Ven e goza da música, das letras, dos brindes...
Ven á Festa do Banquete de Conxo, non faldes á romaría!**



+ info: www.santiagodecompostela.gal



+ info: www.santiagodecompostela.gal



VENRES 20 maio

- 11.00 h **O Pequeno Banquete.** Representación teatral a cargo de Os Quinquilláns co alumnado dos centros de Santiago de Compostela CEIP Quiroga Palacios, IES Arcebispo Xelmírez II e CPR Santa Apolonia. Carballeira de Conxo.
- 12.30 h **Wöyza** presenta os temas do seu traballo Campo Estrelado para os centros participantes no Pequeno Banquete. Wöyza (voz), María Faltri (pandeirola e voces) e Jorge Juncal (teclados e programacións). Carballeira de Conxo.
- 17.00 h **Coñéceo máis...** Xincana familiar polo Bosque do Banquete de Conxo. Inscripción a través do correo electrónico dptoxuventude@santiagodecompostela.gal ata completar as prazas. Punto de partida: mosaico do Banquete de Conxo.
- 18.30 h **Obradoiro de baile tradicional Bailabén**, impartido por Gustavo Couto, director de Armadanzas de Laraño. Actividade aberta ao público en xeral sen inscrición previa. Praza de Conxo.
- 19.30 h **Obradoiro de Cantos de Taberna.** CSC Aurelio Aguirre de Conxo.
- 20.40 h **Primeiro canto de taberna.** Interior do Psiquiátrico. Taberna.
- 21.00 h **Cantos de taberna** nos bares do barrio. Coa participación dos grupos Muiñeiros do Sarela, Son de gaita, Can de ghaiteiro e Efolloadores de Illobre.

SÁBADO 21 maio

- 10.00 h /11.00 h **Baños do Bosque.** Actividade inmersiva no Bosque do Banquete de Conxo. A cargo de "Bosques sin Fronteras". Habílanse 12 prazas por quenda. Inscripción por orde de solicitude a través do correo electrónico bosque@santiagodecompostela.gal. Punto de partida: carballo do Banquete de Conxo.
- 12.00 h **Paseo histórico polo Bosque do Banquete de Conxo de 1856.** Guiado por Henrique Alvarellos. Inclúe paseo pola aldea e bosque de Pai da Cana. Adaptado a todos os públicos. Idioma: galego. Duración: 75 min aprox. Punto saída/remate: diante da igrexa de Conxo. Inscripción: roteirobanquete@santiagodecompostela.gal
- 12.30 h **Roteiro en castelán e inglés polo Banquete de Conxo.** Guiado por Susana Domínguez. Inscripción a través do correo electrónico rutabanquete@santiagodecompostela.gal. Punto de partida: CSC Aurelio Aguirre de Conxo.

- 17.00 h **A guerra en Ucraína e a paz.** Mesa Redonda conducida por Nuria López, xornalista da CRTVG. Intervirán Miguel Cabo Villaverde, profesor de historia contemporánea da USC; Marcos Márquez Blanco, analista internacional, e representantes de AGA Ucraína e a Plataforma Galiza Pola Paz. CSC Aurelio Aguirre de Conxo.
- 19.00 h **Concerto da Coral do Psiquiátrico de Conxo** xunto coa Coral Amigos do Castiñeiriño, o Coro de Habaneras Rocha Forte e o Coro Crecente. Presentado por Manuel Abraldes, director do Coro Encaixe. Escalinata do Hospital Psiquiátrico de Conxo.
- 20.30 h **A Festa da Poesía.** Conducida por Marga Tojo. Coa participación musical de Bratzantifa, Hugo Guezeta, Su Garrido Pombo e as poetas Nuria Vil, Carlos da Aira e Mariña Maceiras. Praza Aurelio Aguirre.

DOMINGO 22 maio

- 11.00 h **Alá van estudantes e artesáns.** Desfile teatral desde o centro de Santiago (inicio na praza do Toural) ata Conxo. Dirixen: Os Quinquilláns. Participan: Os Quinquilláns, grupo de teatro de Vite, Grupo de Teatro Mediogüevo-Cavort, grupo de teatro IES Xelmírez I, grupo de teatro IES Brión, grupo de teatro da Rocha, Elisa Barreiro e Moncho Budiño, Centro do Romaño, Luis Caruncho, coro e grupo de teatro da Fundación Pondal de Ponteceso, Grupo Inllar, Eva Armental e Dulcinea López.
- 12.45 h **Pregón da Festa do Banquete.** A cargo de María Dolores Domínguez Santos (Madó) do Castiñeiriño e Iria Portos Conde de Laraño. Praza de Conxo.
- 13.00 h **Baixamos ao bosque do Banquete.** Continuación do desfile teatral ata a Carballeira de Conxo. Os Quinquilláns acompañados polo grupo Os Fondaos do Pifaro e diversos colectivos.
- 13.30 h **Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago.** Carballeira de Conxo.
- 14.15 h **Recreación teatral do Banquete de Conxo.** Os Quinquilláns. Carballeira de Conxo.
- 15.00 h **Xantar e romaría popular**, con brindes de veciñas e veciños. Carballeira de Conxo.
- 17.00 h **O Serán da Fraternidade.** Foliada de música tradicional con Os Fondaos do Pifaro e Muiñeiros do Sarela. Carballeira de Conxo.
- 19.30 h **Despedida da Festa do Banquete 2022** e convite á seguinte edición. Discursos a cargo de Os Quinquilláns e pregón de peche a cargo de Suso de Toro.

PROGRAMACIÓN MERCADO DO LIBRO E DA ARTESANÍA

Praza Aurelio Aguirre

SÁBADO 21 maio

De 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.30 h.

Xogos populares durante todo o día en horario de mercado.

- 12.00 h **Ed. Ir Indo** – Presentación do libro *Amada Lola*, de Elena Comesaña.
- 12.30 h **Ed. Bululú** – Presentación do libro *María Casares, a impaciencia por vivir*, coas autoras María Canosa e Bea Gregores.
- 13.30 h **Concerto sesión vermú: LOS JINETES DEL TRÓPICO.**
- 17.00 h **Presentación do libro *Una muerte programada***, de Ana Otero.
- 17.30 h **Recital poético da Revista Pantano.**
- 18.30 h **Concerto musical familiar PAXARO AMIGO: MÚSICAS PARA A PAZ** de Mamá Cabra.
- 19.45 h **Concerto MOMBOI.**

DOMINGO 22 maio

De 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h

- 12.00 h **Librería Aenea** – Charla coa autora María Eiras e demostración de ilustración sobre o libro *En el nombre de la madre. Creación y Luz*, de Luís Rodríguez Cao.
- 17.30 h **Ed. Ir Indo** – Presentación do libro *Florencio Delgado Gurriarán*, de Tania Pérez e Xosé Ramón Campos.
- 18.00 h **Ed. Fervenza** – Presentación dos libros *Os Balbinos* e *Cen pezas do traxe do Val da Ulla*.
- 18.30 h **Ed. Fervenza** – Presentación dos libros *Re-Encuentros musicais. Homenaxe aos músicos xubilados da BMSC (1993-2021)* e *Nas rúas de Compostela*.
- 19.00 h **Ed. Ir Indo** – Presentación do libro *Pepa a Loba*, de Xosé Lois Ripalda.
- 20.00 h **Chocolatada.**
- 20.30 h **Concerto de peche: OS D'ABAIXO.**